

## ELECCIÓN AO CONSELLO ESCOLAR 2024 RENOVACIÓN PARCIAL

Segundo a Resolución do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións dos membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos, deben renovarse parte dos representantes do Consello Escolar deste centro.

**Corresponde renovar no presente proceso electoral a 2 representantes do alumnado, dun total de 4 que debe ter o Consello Escolar**, debido ao seu cese en decembro de 2024.

O Consello Escolar é o instrumento de participación na vida escolar de todos os membros da comunidade educativa. No noso centro está composto por:

- 3 representantes de pais/nais/titores-as legais.
- 4 representantes de alumnos/as.
- 7 representantes de profesores/as.
- 1 representante de Persoal de Administración e Servizos (PAS).
- 1 representante do Concello de Vila de Cruces.
- Director/a.
- Xefe/a de Estudos.
- Secretario/a do Centro (con voz pero sen voto).

### Elección dos representantes do alumnado

En virtude do Decreto 92/1988, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos do goberno dos centros públicos de ensino non universitario, o procedemento de elección, constitución, renovación, substitución e funcionamento dos órganos colexiados de goberno é o seguinte:

- **Tódolos alumnos e alumnas de educación secundaria matriculados no centro son electores e todos poderán ser elixidos membros do Consello Escolar**, coas atribución que lles corresponden ós seus membros; non obstante, os alumnos e alumnas do primeiro ciclo de educación secundaria obrigatoria non poderán participar na elección nin no cesamento do director ou directora.
- A mesa electoral estará integrada polo director do centro, que actuará como presidente, e dous alumnos designados por sorteo, actuando como secretario o alumno de menor idade.
- A Xunta Electoral deberá preve-lo nomeamento de suplentes, designados tamén por sorteo.
- O voto será directo, secreto e non delegable. Cada elector fará constar na súa papeleta **un só nome da lista de candidatos** admitidos pola Xunta Electoral, ao corresponder renovar menos de tres representantes.

- Poderán actuar como supervisores da votación os alumnos e alumnas que sexan propostos por cada unha das asociacións de alumnos e alumnas no centro ou avalados pola sinatura de dez electores.

**O proceso dará comezo o venres 18 de outubro ás 11.30 h coa celebración do sorteo público dos membros que constituirán a Xunta Electoral**, órgano encargado de supervisar as eleccións. Para máis información, o alumnado pode dirixirse á Dirección do Centro ou á Xunta de Delegados.